



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía: Economía española e mundial

Materia	Economía: Economía española e mundial			
Código	O04G390V01201			
Titulación	Grao en Consultoría e Xestión da Información			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición				
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Rodríguez Méndez, Miguel Enrique			
Profesorado	Molina Abrales, Antonio Picos Sánchez, Fidel Rodríguez Méndez, Miguel Enrique Vázquez Rodríguez, María Xosé			
Correo-e	miguel.r@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Economía Mundial e Española é unha materia básica que se imparte no segundo semestre do primeiro curso do Grao de Administración e Dirección de Empresas. Consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do alumno, das cales 62 son actividades presencias, mentres que o resto serán actividades non presenciais.			
	<p>Esta materia pretende iniciar ao estudante no coñecemento da Economía Aplicada, comenzando pola análise da Economía Mundial e Española. Trátase de que comprenda o funcionamento e estrutura da Economía Mundial e Española, facendo fincapé, por unha banda, nas diferencias entre Países Desenvolvidos e Países en vías de Desenvolvemento, e por outra banda, na estrutura económica de España.</p> <p>Organízase en Actividades Básicas (AB) e Actividades Complementarias (AC), de carácter Teórico (T) e Práctico (P), que levan asociadas tanto traballo presencial como persoal.</p>			

Competencias de titulación

Código	
A3	1.2 Os conceptos, principios e técnicas de xestión que existen nos aspectos claves da planificación, a xestión e o liderado e a súa aplicación nas empresas. (QAA).
A7	1.6 Os distintos tipos de organizacións que producen, diseminan e almacenan información e o seu lugar na cadea da información. (QAA)
A15	2.5 Habilidade para utilizar un amplo rango de sistemas, fontes de información y ferramentas de comunicación ou de colaboración electrónicas. (QAA)
A16	2.6 Integrar coñecementos e habilidades para elaborar un traballo académico ou profesional no ámbito dos sistemas de información da empresa, promovendo o traballo en ámbitos próximos á realidade.
B1	6.1 Habilidades directivas incluíndo xestión do tempo, solución de problemas, toma de decisións, e responsabilidade persoal, iniciativa e liderado. (QAA)
B2	6.2 Creatividade, iniciativa e sensibilidade cara aos temas sociais e ambientais.
B3	6.3 Principios éticos no exercicio profesional e, especialmente, na relación co tratamento da información privada no ámbito empresarial.
B4	6.4 Motivación pola calidade e a mellora continua.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir coñecementos básicos para entender o funcionamento da economía mundial e española.	A3

Acceder ás fontes estatísticas da Economía Mundial e de España.	A16	B3
Sintetizar a información estatística en Indicadores Económicos relevantes.	A15	B1
Consultar directamente as referencias bibliográficas.	A16	
Elaboración e exposición dos resultados, empregando nun nivel básico os programas informáticos de cálculo, realización de gráficos e presentacións.	A7	B1 B3
Redacción e síntese dos resultados anteriores.		B1 B4
Someter a contraste e discusión as ideas expostas nas leccións maxistrais.		B4
Revisar con certa periodicidade a evolución dos resultados acadados.		B2
Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa para o traballo.		B1
Motivación pola calidade e mellora continua.		B4

Contidos

Tema	
Parte I: Introducción	Os obxectivos básicos e as preguntas relevantes. Organización e método de traballo. Sistema de avaliación da materia. Ferramentas de traballo e da Plataforma Tema.
Tema 1: Obxectivos e Metodoloxía da materia.	Obxectivos do Tema. A actividade económica e o crecemento económico.
Tema 2: Conceptos básicos e fontes estatísticas e bibliográficas.	O Sistema Económico e o Capitalismo. Indicadores económicos. Crecemento e Desenvolvemento. Principais fontes estatísticas e bibliográficas.
Parte II: Economía Mundial	Obxectivos do Tema. A evidencia empírica do crecemento. Os cambios nas forzas produtivas. Os cambios nas relacións de produción. Os cambios institucionais (A Superestrutura). Os elementos estruturais dos Países Desenvolvidos.
Tema 3: Caracterización dos Países Desenvolvidos. Factores de crecemento.	Obxectivos do Tema. Características estruturais dos países en vías de desenvolvemento. As teorías do subdesenvolvemento económico. O papel do comercio internacional e as estratexias de crecemento económico.
Tema 4: Os Países en Vías de Desenvolvemento. O subdesenvolvemento económico.	Obxectivos do Tema. A integración económica. Os organismos multilaterais de comercio. Os organismos financeiros e de cooperación internacionais.
Tema 5: Relacións Económicas Internacionais.	Obxectivos do Tema. Crecemento económico e evolución da Economía Española: Etapas, factores de crecemento e cambio estrutural. Os resultados da evolución económica española: características actuais.
Parte III: Economía Española	Obxectivos do Tema. O cambio estrutural na especialización económica. Metodoloxía e criterios de valoración. Análise dos resultados recentes. Síntese das principais tendencias.
Tema 6: O desenvolvemento económico español.	Obxectivos do Tema. Eficiencia e o fluxo circular da renda. Sustentabilidade financeira, inversora e ambiental. Equidade produtiva: distribución funcional da renda e mercado de traballo. Equidade social: gasto público e distribución persoal e territorial da renda.
Tema 7: A especialización sectorial e comercial	Evolución no papel do Estado nas economías. As funcións do Estado e a regulación dos mercados. Trazos básicos do sector público en España. A distribución da renda: funcional, persoal e territorial.
Tema 8: Eficiencia, sustentabilidade e equidade.	Temas de actualidade da Economía Mundial. Temas de actualidade da Economía española.
Tema 9: O Sector Público.	
Parte IV: A actualidade da Economía española e mundial	
Tema 10: Temas de debate e actualidade	

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	15	0	15
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	19	19
Debates	5	5	10
Sesión maxistral	30	10	40
Probas de tipo test	6	20	26
Probas de resposta curta	0	20	20
Observación sistemática	0	20	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Prácticas de laboratorio	<p>As prácticas de laboratorio terán lugar nas aulas de informática. En cada unha delas o alumnado realizará un exercicio en que deberá aprender a manexar información estatística para o estudo da economía mundial e de España. Con ditos exercicios o estudiantado aprenderá a organizar a información e a sintetizar os datos en indicadores relevantes (PIB, poboación, PIB per cápita, coeficiente de apertura, taxa de actividade, taxa de desemprego, gasto público, produtividade etc.). Iso esixirá a realización de cálculos (taxas de variación, números índice, actualización de variables monetarias, taxas de participación) e a súa representación gráfica.</p> <p>En cada sesión práctica, o estudante deberá responder a un cuestionario de autoavaliación e resumir os principais resultados mediante unha breve redacción. Posteriormente, cada estudante deberá mellorar os resultados das prácticas presenciais mediante a realización de actividades de traballo persoal (cuestionarios e exercicios de redacción).</p>
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	<p>Durante o curso, proporase cada semana aos alumnos un conxunto diverso de Exercicios Complementarios, que incluírán a realización de Cuestionarios, Lecturas e Redaccións. Trátase sempre de actividades non presenciais de carácter voluntario que posibiliten o seguimento do alumno e o seu proceso de aprendizaxe mediante as ferramentas da Plataforma Tema.</p> <p>Este tipo de exercicio require que o estudante teña acceso a Internet, pois será necesario acceder á Plataforma Tema para descargar a información, así como acceder ás Bases de Datos Oficiais. En todo caso, os alumnos sempre disporán de internet nas Aulas de Libre Acceso da Facultade.</p> <p>Cada actividade proposta ao estudante poderá ir acompañada dun Cuestionario, que permitirá guiar o alumno e reflexionar sobre os aspectos máis relevantes da materia. Tamén permitirá que o alumno verifique persoalmente as súas respostas sen necesidade da titorización persoal.</p> <p>Con cada exercicio complementario, o estudante deberá presentar as conclusións e ideas principais.</p>
Debates	<p>A través da Plataforma Tema proporáselle ao alumno un conxunto de lecturas. Normalmente, escolleranse lecturas que sexa factibles poñelas a disposición en formato electrónico a través da Plataforma Tema. Cada lectura está relacionada con cada un dos temas do Programa.</p> <p>Posteriormente, haberá unha sesión presencial para o Debate aberto na aula ó redor dos contidos das lecturas propostas.</p> <p>O estudante deberá responder a un cuestionario de autoavaliación e resumir os principais resultados mediante unha breve redacción. Posteriormente, cada estudante deberá mellorar os resultados das prácticas presenciais mediante a realización de actividades de traballo persoal (cuestionarios e exercicios de redacción).</p>
Sesión maxistral	<p>As sesións maxistrais forman parte das Actividades Básicas da Materia. En cada unha das sesións, o profesorado desenvolverá os contidos do Programa. Tomárase como punto de partida as preguntas destacadas en cada un dos temas, así como os resultados e conclusións que se vaian acadando simultaneamente nas outras actividades docentes relacionadas co tema. Será labor do docente aportar as ideas centrais e e criterios de organización e interpretación da información necesarios para que o estudante conteste individualmente ás preguntas relevantes.</p> <p>Para cada tema desenvolto nas sesións maxistrais, o estudante deberá responder a un cuestionario de autoavaliación e resumir os principais resultados mediante unha breve redacción. Posteriormente, cada estudante deberá mellorar os resultados das prácticas presenciais mediante a realización de actividades de traballo persoal (cuestionarios e exercicios de redacción).</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	As consultas personalizadas realizaranse tanto a través de actividades presenciais como titorías como non presenciais a traveso da Plataforma Tema. Con cada exercicio o alumno sempre poderá enviar as súas preguntas e dúbidas mediante unha utilidade desta plataforma informática. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderase colectivamente a todos os alumnos mediante o envío dun correo electrónico a traveso da Plataforma Tema.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	As consultas personalizadas realizaranse tanto a través de actividades presenciais como titorías como non presenciais a traveso da Plataforma Tema. Con cada exercicio o alumno sempre poderá enviar as súas preguntas e dúbidas mediante unha utilidade desta plataforma informática. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderase colectivamente a todos os alumnos mediante o envío dun correo electrónico a traveso da Plataforma Tema.
Probas	Descrición
Probas de tipo test	
Probas de resposta curta	

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Probas de tipo test	Incluirán a realización de cuestionarios vinculados ás sesións maxistras, prácticas de laboratorio, Debates e máis exercicios complementarios e lecturas propostas.	60
Probas de resposta curta	O alumno deberá resumir os contidos de cada unha das actividades propostas ó longo do curso mediante unha breve redacción (de non máis de 250 palabras) que sintetice as principais ideas.	10
Observación sistemática	Actitude persoal e disposición ó traballo que permitan valorar o nivel de seguimento do conxunto de actividades da materia (presenciais e non presenciais). Neste epígrafe inclúese a posibilidade de facer pequenos test de comprensión mediante preguntas de carácter "oral" ós alumnos. Algún test poderá ter carácter eliminatorio do sistema de avaliación continua.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación da materia será continua.

Aqueles alumnos que non acaden un rendemento satisfactorio mínimo poderán ser suspendidos do sistema de avaliación continuo antes de rematar o curso. A primeira avaliación de rendemento farase no primeiro mes do curso.

O exame final poderá incluír preguntas de tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento, semellantes ao sistema de avaliación descrito anteriormente.

Os estudantes que non participen na avaliación continua nin no exame final, figurarán nas actas como non presentados.

Os alumnos que copien ou fagan "plaxio" de autores, outros alumnos ou de sí mesmos, serán suspendidos na primeira avaliación de xuño.

Bibliografía. Fontes de información

García Delgado, Jose Luís e Rafael Myro (directores), **Lecciones de Economía Española**, Ed. Thomson-Civitas, 2005, Berzosa, Carlos; Pablo Bustelo, Jesús de la Iglesia, **Berzosa, Carlos; Pablo Bustelo, Jesús de la Iglesia**, Síntesis, 2001,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Empresa: Matemática das operacións financeiras/O04G390V01202

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Microeconomía/O04G390V01101

Historia: Historia económica/O04G390V01103

Outros comentarios

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumno na materia, polo que se concibe de forma

flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do ano académico promovidos pola dinámica da clase ou pola relevancia das situacións que puideran xurdir. Así mesmo, aportaráselle ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.